Sofía A. Janovsky

(Pruzhany, Biolorrusia, 1896-Moscú, 1966)

Matemática rusa de orixe xudía. Moi nova trasladouse, xunto coa súa familia, á cidade de Odesa e alí estudou os clásicos e Matemáticas.
Nos comezos da Revolución rusa tomou parte activa na política e foi editora do xornal *Kommunist* en Odesa.
En 1923 retomou os seus estudos e ocupouse dos seminarios na Universidade Estatal de Moscú. En 1931 foi profesora na devandita universidade e catro anos despois conseguiu un doutoramento.
Traballou en Filosofía e Lóxica das Matemáticas. O seu traballo en Lóxica matemática tivo importancia no desenvolvemento desta na antiga Unión Soviética.
A Historia das Matemáticas foi outro tema que tratou, realizando varias publicacións relacionadas coa *Xeometría* de Descartes, as Matemáticas exipcias e os paradoxos de Zenón.